

ARTIGO 10º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

ARTIGO 11º.—NORMAS DE XESTIÓN

1. As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicita e demais requisitos que esixa cada concello.

2. Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo/a interesado/a, a non ser que se trate de servizos non periódicos.

3. Cando remate a necesidade do servizo, por cambio de propietario/a ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirán efectos no período natural seguinte ó da súa presentación, podendo, no seu caso, prorratearse polo período de liquidación das tarifas. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 do Texto Refundido da Lei das facendas locais, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza estará vixente o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2014, estando en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

**ANEXO Á ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ETC.
TARIFAS****CONSUMO DOMÉSTICO:**

A) Mínimo ata 15 m3 / mes	0,35
B) Entre 15 e 35 m3/mes	0,51
C) Entre 35 e 100 m3/mes	0,66
D) Exceso de 100 m3 / mes	0,92

CONSUMO NON DOMÉSTICO

A) Mínimo ata 15 m3 / mes	0,51
B) De 15 a 35 m3 / mes	0,70
C) De 35 a 100 m3 / mes	0,95
D) Exceso de 100 m / mes	1,31

DEREITOS DE ACOMETIDAS

a) ó solicitar licenza en local ou vivenda	20,29
b) ó solicitar alta no servizo cada vez	4,40

**ORDENANZA FISCAL Nº 14 REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS
EXISTENTES NO MERCADO DESTE CONCELLO****NATUREZA E FUNDAMENTO****ARTIGO 1**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello ó obxecto de fixa-la estrutura, contía e demais aspectos necesarios para axiliza-la xestión e recadación da TAXA POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS EXISTENTES NO MERCADO DESTE CONCELLO.

*FEITO IMPOÑIBLE**ARTIGO 2*

Constitue o feito imponible desta Taxa as seguintes utilizacións:

- a) Postos fixos, con utilización permanente.
- b) Postos por días, colleiteiro, vendedor ocasional.

*SUXEITO PASIVO**ARTIGO 3*

Son suxeitos pasivos da Taxa regulada nesta Ordenanza Fiscal, as persoas ou Entidades que utilicen os postos dos mercados do Municipio, para exercer-las actividades de compra-venda dos artigos que se especifican nas tarifas.

*RESPONSABLES**ARTIGO 4*

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os arts. 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

*CONTÍA**ARTIGO 5*

A estrutura e contía desta Taxa será a que figura na seguinte

<i>TARIFA</i>	<i>EUROS</i>
1- Carnicerías, Chacinerías e Ultramarinos. Importe mensual por posto	71,23
2- Venda de peixes. . Importe mensual por posto	58,88
3- Venda de foitas, verduras e flores. .	
3.1. Importe mensual postos 1º andar	35,60
3.2. Importe mensual posto Nº 1	117,60
3.3. Importe mensual posto Nº 2 a 4	93,81
4- Colleiteiro, vendedor ocasional (metro x día).....	1,24
5- Transmisión do posto	87,97

OBSERVACIÓNS A Alcaldía poderá subastar tódolos postos pechados da praza de Abastos tomando como mínimo as cotas de Tarifa.

*NORMAS DE XESTIÓN**ARTIGO 6*

1.—As cantidades esixibles con arreglo ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polos períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

2º.—As concesións de uso e disfrute de instalacións dispoñibles outórganse provisionalmente a petición da parte interesada pola Xunta de Goberno Local, ou o Sr. Alcalde, e con carácter permanente a medio de subastas que se celebrarán segundo o establecido na normativa legal aplicable á Administración Local.

3º.—As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos fixos regulados nesta Ordenanza Fiscal deberán tramita-la solicitude conforme co Regulamento en vigor.

4º.—O encargado do mercado remitirá no primeiro mes de cada exercicio, relación de tódolos obrigados ó pago por instalacións fixas, indicando a súa numeración, destino e cota sinalada, para que tanto a Intervención coma a Tesourería, poidan computalas cos antecedentes das súas respectivas

oficinas. Remitirá, así mesmo, mensualmente relación de altas e baixas ocorridas con expresión das datas que teñan lugar.

5º.—As persoas interesadas en ocupar postos por día, solicitarano ó encargado do mercado, quen sinalará o lugar e efectuará o cobro da Taxa no momento da ocupación.

DEVENGO**ARTIGO 7**

1º.—O devengo da Taxa regulada por utilización de postos fixos, nace:

- a) Concesións provisionais: No momento de solicitálas
- b) Concesións permanentes: Unha vez adjudicadas e notificadas e antes de entrar no uso e disfrute dos postos.
- c) Concesións xa autorizadas: O día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa, ou no seu caso, o período que determine a Alcaldía.

2.—O pago do Taxa realizarase:

Salvo o establecido para o Colleiteiro, vendedor ocasional, o período impositivo da taxa pola utilización dos servizos municipais pola explotación dos postos de venta será trimestral.

A taxa correspondente cuxas tarifas se establecen no artigo 5 da presente ordenanza, devéngase o primeiro día do trimestre, salvo nos casos de alta ao longo do período impositivo, que se producirá no momento da citada alta. As cantidades esixibles de acordo coas tarifas serán irreducibles polo período sinalado.

ENTRADA EN VIGOR

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada a súa redacción polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 27.12.2013, entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**ORDENANZA FISCAL Nº 16 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN
DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS****ARTIGO 1**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Cangas establece a taxa pola prestación do servizo de expedición de documentos administrativos, a que se refire o artigo 20.4.a) do citado Real decreto lexislativo que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, e as súas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado Real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade municipal técnica e administrativa motivada pola tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes que entenda a Administración ou as autoridades municipais.

Para estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non tivese mediado solicitude expresa do interesado.